

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 16/2021

### SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE NOVEMBRO DE 2021

#### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 27.10, extraordinaria do 11.11 e extraordinaria do 17.11.2021.

#### **Declaracións institucionais.**

- 2.** Intervención de Dona Rosa Chantada Abollo, presidenta da asociación “Mulleres e Palabras”, colectivo integrante do Consello Municipal da Muller para expoñer o texto proposto con motivo do día 25 de novembro “Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres”. Expte. 11140/224 (Rexistro Pleno 3157/1101).
- 3.** Solicitud de da Asociación Galega de afectados polo VIH (AGAVIH) para expoñer o texto proposto con motivo do “Día Mundial de resposta ao VIH-Sida”. Rexistro Pleno 3193/1101.

#### **Ditames das comisións informativas:**

#### FOMENTO, SERVIZOS, PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- 4.** Aprobación do Plan Anual Normativo correspondente ao ano 2022 do Concello de Vigo. Expte. 1696/110 (Rexistro Pleno 3172/1101).

#### **Mocións:**

- 5.** Moción do concelleiro membro non adscrito polo aumento dos recursos para afrontar as violencias machistas. Rexistro Pleno 3192/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Mixto para rexeitar a tentativa de privatizacións das listas de agarda e as urxencias hospitalarias na Área Sanitaria de Vigo. Rexistro Pleno 3188/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 1 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a dotar presupostariamente nos seus Orzamentos de 2022, para acometer con urxencia a ampliación do Centro de Saúde de Bouzas. Rexistro Pleno 3194/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á cumprir o seu compromiso de 2018 de dotar dunha Unidade de Demencias ao Hospital do Meixoeiro en Vigo. Rexistro Pleno 3195/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a financiar integramente a nova escola infantil da Praza da Industria, cos fondos que recibirá do Goberno do Estado. Rexistro Pleno 3196/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a consignar presupostariamente a cantidade de 6 millóns de euros nos seus Orzamentos 2022 ao obxecto de iniciar a meterialización das humanizacións nas estradas da Xunta en Vigo. Rexistro Pleno 3197/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a consignar unha partida orzamentaria de 5 millóns de euros nos seus orzamentos 2022, ao obxecto de abordar a actuación de mellora das pistas deportivas de atletismo de Balaídos. Rexistro Pleno 3199/1101.

#### **PARTE DE CONTROL**

12. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.10.21 ao 17.11.21. Expte. 1103/1102 (Rexistro Pleno 3190/1101).
13. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, 20.10.21 ao 17.11.21. Expte. 1104/1102 (Rexistro Pleno 3191/1101).

#### **Mocións.**

14. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando unha nova ordenanza da auga que tarife polo consumo real, suprima os costes fixos e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3198/1101.
15. **Formulación de rogos.**
16. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Caballero Álvarez Abel Ramón

Egerique Mosquera Teresa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 2 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Aguiar Castro Yolanda  
 Aneiros Pereira Jaime  
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
 Caride Estévez María José  
 Espinosa Mangana Elena  
 Estévez Rodríguez Pablo Luis  
 Fernández Pérez José Manuel  
 Gómez Díaz Gorka  
 Iglesias González Ana Laura  
 Lago Barreiro María del Carmen  
 López Font Carlos  
 Losada Álvarez Abel Fermín  
 Mejías Sacaluga Ana Maria  
 Pardo Espiñeira Francisco Javier  
 Rivas González Ángel  
 Rodríguez Calviño Patricia  
 Rodríguez Díaz Santos Héctor  
 Rodríguez Rodríguez Nuria  
 Silva Rego M<sup>a</sup> Carmen

González Castillo Jesús Marco  
 López Román Patricia  
 Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NO ASISTE: Méndez Fuentes Oriana, concelleira do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), xustifica a ausencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e catro de novembro do ano dous mil vinte e un, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, González Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Román, Losada Álvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

**PARTE RESOLUTIVA**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 3 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**1.(214). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 27 DE OUTUBRO DE 2021, EXTRAORDINARIA DO 11 DE NOVEMBRO DE 2021 E EXTRAORDINARIA DO 17 DE NOVEMBRO DE 2021.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas: ordinaria do 27 de outubro de 2021, extraordinaria do 11 de novembro de 2021 e extraordinaria de 17 de novembro de 2021.

**2.(215). INTERVENCIÓN DE DONA ROSA CHANTADA ABOLLO, PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN “MULLERES E PALABRAS”, COLECTIVO INTEGRANTE DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER PARA EXPOÑER O TEXTO PROPOSTO CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES” EXPTE. 11140/224 (REXISTRO PLENO 3157/1101).**

A Presidencia da conta da Declaración Institucional polo “Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres”, có número de Rexistro do Pleno 3157/1101, que literalmente di:

*“De que estamos falando cando dicimos violencia?”*

A ONU define 'violencia' como todo acto que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada.

Durante este ano e ata o día de hoxe rexistráronse 56 feminicidios, asasinatos de mulleres cometidos por homes no Estado español polo feito de sermos mulleres. E isto só recolle o número de asasinatos. Pensade na definición da ONU, cantas violencias quedan atrás, cantas non se enumeran nin se visualizan, cantas violencias se sofren en silencio?

Aínda que todas as mulleres do planeta podemos sufrir violencias, temos que lembrar algunhas mulleres e nenas que son especialmente vulnerables, por exemplo:

- as mulleres máis maiores e as nenas
- as mulleres identificadas como lesbianas, bisexuais, trans ou intersex
- as mulleres emigrantes e refuxiadas
- as mulleres de pobos indíxenas ou de minorías étnicas
- as mulleres e nenas que viven co VIH
- as mulleres con discapacidades
- as mulleres e nenas prostituídas e vítimas de explotación sexual
- as mulleres que viven en crises humanitarias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 4 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- as mulleres pobres, con escasos recursos...

Sabemos que o feminismo naceu como obxectivo de outorgarlles dereitos ás mulleres e ás crianzas e que un dos puntos imprescindibles para acadar a igualdade é erradicar a violencia contra as mulleres.

Este último ano por mor da pandemia incrementouse esta violencia, sobre todo, no fogar. Co acceso limitado aos servizos públicos, as mulleres e nenas estabamos nunha situación de maior vulnerabilidade.

Se a isto lle engadimos a dobre ou tripla xornada de traballo que as mulleres vimos desenvolvendo, feito este que aínda hoxe en día a sociedade ten completamente normalizado, entendemos que o noso desenvolvemento persoal resulta minguado e a vulnerabilidade, agravada.

Estas situacións de violencias apenas se denuncian por causa da impunidade da que gozan os agresores, mentres as vítimas sofren o silencio, o estigma e a vergoña.

Nas sociedades actuais os feminicidios son o resultado da violencia misóxina levada ao extremo; así, xorden como a forma máis visible das violencias. Pero existe tamén o maltrato, o dano, o repudio, o acoso... En moitas destas sociedades existe unha percepción social desvalorizadora do papel das mulleres. Isto, xunto á supremacía masculina e á non presenza das mulleres nas escalas de poder e na toma de decisións, ocasiona que esteamos moi lonxe de acadar o dereito a sermos libres e o dereito á paz na vida das mulleres.

A maior parte dos asasinatos prodúcese nunha organización social baseada na dominación dos homes sobre as mulleres. As vítimas son as crianzas e mulleres de diferentes idades, condicións económicas e educativas. Moitas veces, os asasinatos cométenos homes que as propias mulleres coñecen. A violencia supón un mecanismo de dominio, control e opresión de xénero das mulleres.

Ao longo da vida as nenas, as adolescentes, as mozas, as maiores, as anciás son obxecto de agresións sexuais, físicas, emocionais, verbais, patrimoniais e simbólicas. A sociedade considera natural esta violencia e culpabiliza as nenas e as mulleres e mesmo nos sinala como vítimas propiciatorias deses delitos, mentres que exonera os homes. Noutras ocasións, frivólizanse estas violencias con chistes como parte dun humor cultivado socialmente ao abeiro da cultura machista. Todo axuda a perpetuar a violencia contra as mulleres.

Temos que poñer fin a esta violencia e para iso cómpre:

- Profundar nas leis de violencia contra as mulleres dotando as institucións de orzamentos para que cumpran os seus cometidos.
- Conseguir un empoderamento económico das mulleres, pois a dependencia económica e os poucos ingresos constitúen un factor de risco para que as mulleres e as criaturas permanezan en situacións de violencia.
- Fortalecer políticas públicas que favorezan a inclusión das mulleres na vida social e económica.
- Reformar o sistema xudicial, de saúde, empresarial, educativo... para fornecer as mulleres de medios de prevención e alerta.
- Dispoñer medidas que conduzan a transformar a cultura machista onde se impliquen os homes e os nenos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 5 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Queda moito por facer, pero aquí e agora todas e todos estamos dispostos a transformar a nosa sociedade para conseguir unha vida plena para as mulleres, chea de dereitos iguais que os dos homes para podermos vivir en liberdade. Porque se as mulleres vivimos en paz, o mundo vivirá en paz. .”*

Non habendo deliberacións, queda aprobada a Declaración Institucional por asentimento dos membros presentes da Corporación.

### **3.(216). SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN GALEGA DE AFECTADOS POLO VIH (AGAVIH) PARA EXPOÑER O TEXTO PROPOSTO CON MOTIVO DO “DÍA MUNDIAL DE RESPONSA AO VIH-SIDA”. REXISTRO PLENO 3193/1101.**

A Presidencia da conta da Declaración Institucional con motivo do “Día Mundial de resposta ao VIH-Sida” có número de Rexistro do Pleno 3193/1101, que literalmente di:

“En el año 2016, la ciudad de Vigo adhirió en el Pleno y por unanimidad, a la **Declaración de París** donde Ciudades y Municipios del mundo se comprometen a lograr el Estigma Cero relacionado con el VIH y conseguir los siguientes objetivos: que el 95% de las personas que viven con el VIH conozcan su estado serológico, que el 95% de las personas VIH-positivo reciban terapia antirretroviral y que el 95% de las personas que reciben tratamiento antirretroviral tengan la carga viral suprimida, es decir, indetectable. Lo que significa que el VIH no se transmite.

La ciencia nos permite afirmar hoy que **Indetectable=Intransmisible**.

Surge así la estrategia para llegar a Cero Nuevas Infecciones de VIH y Cero Muertes Relacionadas con el SIDA, alcanzando el Objetivo de Desarrollo Sostenible 3.3.: acabar con la epidemia del VIH para el año 2030.

Acercándonos al **DIA MUNDIAL DE RESPUESTA AL VIH-Sida**, solicitamos al gobierno de la ciudad de Vigo que dé un paso más, un paso imprescindible para unirse al trabajo de las 12 ciudades españolas, y más de 150 en el mundo, que han sido declaradas **Fast Track City**, es decir, ciudades que cuentan con una estrategia de Respuesta Rápida para alcanzar los objetivos 95, 95, 95 a través de la firma de la **DECLARACIÓN DE PARÍS**. En dicha declaración, trabajando juntos, las ciudades y los municipios se comprometen a: acabar con las epidemias de VIH, tuberculosis y Hepatitis víricas, en el año 2030; poner a las personas en el centro de todo lo que hacen; abordar las causas del riesgo, la vulnerabilidad y la transmisión; utilizar la respuesta al VIH para una transformación social positiva; construir y acelerar una respuesta adecuada a las necesidades de la ciudad de Vigo; movilizar recursos para la salud pública integrada y el desarrollo sostenible y unirse como líderes.

Somos la generación que puede detener el VIH y el Concello de Vigo, al firmarla, asume el desafío de trabajar para lograrlo. Junto a la comunidad toda, junto a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 6 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

AGAVIH, la asociación gallega de resposta al VIH y junto a SOGAISIDA, la sociedad gallega interdisciplinar del Sida, avanza para lograrlo. Juntos hemos conformado un equipo multidisciplinar que trabaja en la elaboración de un Plan Estratégico para la ciudad de Vigo. Necesitamos encontrar a los más de 20 vecinos que año a año son diagnosticados -el primer 95-, para que puedan ingresar al tratamiento -el segundo 95- y logren la indetectabilidad. En este tercer 95, la ciudad de Vigo puede afirmar con orgullo que el 97% de sus vecinos seropositivos en tratamiento la han alcanzado. Este, es un objetivo logrado.

Sin embargo, nos queda por delante acabar con el estigma vinculado al VIH, necesitamos visibilizar el VIH, necesitamos hablar con naturalidad del VIH, necesitamos trascender el miedo, tantas veces enraizado en la desinformación.

40 años después, somos la generación que puede detener el VIH y Vigo, al firmar la Declaración de París, asume el desafío y comienza a liderar su logro.”

Non habendo deliberacións, queda aprobada a Declaración Institucional por asentimento dos membros presentes da Corporación.

#### **4.(217). APROBACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO CORRESPONDENTE AO ANO 2022 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1696/110 (REXISTRO PLENO 3172/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 2 de novembro do 2021, o secretario xeral do Pleno co conforme da concelleira de Xestión Municipal o día 02/11/2021, emite o seguinte informe proposta:

##### “LEXISLACIÓN APLICABLE

LPAC.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

##### ANTECEDENTES E PROPOSTA DE ACORDO

Ao obxecto de acadar unha maior predecibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

Con data de 31 de agosto do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 7 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

As Directrices advertían que con anterioridade ao 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 15/10/2021.

Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas teñen sido as seguintes:

## **I. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable**

### Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais

*Obxectivo xeral da norma.-* desenvolvemento da normativa vixente no ámbito municipal sobre servizos nos cemiterios municipais.

*Derrogación normativa.-* regulamento municipal de cemiterios, aprobado polo Pleno en data 30 de xuño de 1961.

*Tramitación.-* prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2022.

- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuatrimestre do 2022.
- Data estimada para audiencia e información pública: 2º cuatrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuatrimestre do 2022.

### Ordenanza municipal reguladora dos vertidos nos domésticos de augas residuais

*Obxectivo xeral da norma.-* desenvolvemento da normativa vixente no ámbito municipal sobre vertidos non domésticos de augas residuais á rede municipal de sumidoiros procedentes das actividades.

*Derrogación normativa.-* Ordenanza municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais aprobada polo Pleno do Concello 26/05/1994. BOP 18/10/1994.

*Tramitación.-* prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuatrimestre do 2022.

- Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuatrimestre 2022.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuatrimestre do 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 8 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada para audiencia e información pública: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuadrimestre do 2022.

## II. Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal

### Modificación da ordenanza reguladora de aparcamento na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo (expte. 78739/210)

*Obxectivo xeral da norma.*- actualizar os métodos de pago, anulacións e sistemas de control do estacionamento. Posibilidade de cambiar a rotación segundo os datos obtidos segundo uso frecuente de cada sector. Reestruturación de prazas dispoñibles en función da política de humanizacións das rúas.

*Tramitación.*- prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuadrimestre do 2022.

- Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuadrimestre 2022.
- Data estimada informe proposta: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe secretario xeral do pleno: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe intervención: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada para audiencia e información pública: 3º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuadrimestre do 2022.

### Ordenanza reguladora de zonas de baixas emisións de Vigo

*Obxectivo xeral da norma.*- a Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, no seu artigo 14.3 establece a obrigatoriedade de que os concellos de máis de 50.000 habitantes dispoñan de Zonas de Baixas Emisións antes de 2023; o que nos leva a dispor dun instrumento para a súa posta en marcha.

*Tramitación.*- prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: decembro do 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 9 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: decembro do 2021.
- Data estimada informe proposta: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe secretario xeral do pleno: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe intervención: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada para audiencia e información pública: 3º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuadrimestre do 2022.

Ordenanza reguladora de vehículos de mobilidade persoal

*Obxectivo xeral da norma.*- regular a circulación o termo municipal de Vigo dos vehículos de mobilidade persoal, así como os requisitos e as súas condición de uso.

*Tramitación.*- prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: decembro do 2021.

- Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe proposta: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe secretario xeral do pleno: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe intervención: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada para audiencia e información pública: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuadrimestre do 2022.

Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo

*Obxectivo xeral da norma.*- con esta normativa preténdese regular a estrutura e organización do cadro de persoal, o seu funcionamento, réximes estatutarios, formación,...

*Tramitación.*- prevista artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 10 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Administrativo Común das Administracións Públicas, a data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: 1º cuadrimestre do 2022.

- Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe proposta: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe secretario xeral do pleno: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada informe intervención: 1º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 2º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada para audiencia e información pública: 3º cuadrimestre do 2022.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 3º cuadrimestre do 2022.

Conforme ás propostas formuladas propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobado o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2022 no que se inclúen as seguintes normas:

- Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.
- Ordenanza municipal reguladora dos vertidos nos domésticos de augas residuais.
- Modificación da ordenanza reguladora de aparcamento na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo (expte. 78739/210).
- Ordenanza reguladora de Zonas de Baixas Emisións de Vigo.
- Ordenanza reguladora de vehículos de mobilidade persoal.
- Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo.

**SEGUNDO.-** Elevar ao Pleno o acordo adoptado.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 11 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Con data 5 de novembro de 2021, a Xunta de Goberno Local aprobou dita proposta.

DITAME.- A Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación en data 17 de novembro de 2021, emite voto ponderado de conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión do 1.07.19, e ditamina favorablemente este acordo.

DELIBERACIÓNS.- Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e seis abstencións do membro do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), señor Pérez Correa, do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Román e Marnotes González, adóptase o seguinte,

## ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2022 no que se inclúen as seguintes normas:

- Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.
- Ordenanza municipal reguladora dos vertidos nos domésticos de augas residuais.
- Modificación da ordenanza reguladora de aparcamento na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo (expte. 78739/210).
- Ordenanza reguladora de Zonas de Baixas Emisións de Vigo.
- Ordenanza reguladora de vehículos de mobilidade persoal.
- Regulamento da Policía Local do Concello de Vigo.

## MOCIÓNS RESOLUTIVAS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 12 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**5.(218). MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO POLO AUMENTO DOS RECURSOS PARA ENFRONTAR AS VIOLENCIAS MACHISTAS. REXISTRO PLENO 3192/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2021, número 3192/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

*POLO AUMENTO DOS RECURSOS E ACCIÓNS PARA ENFRONTAR AS VIOLENCIAS MACHISTAS*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A loita contra a violencia machista é un dos retos máis grandes para a sociedade galega e para a humanidade no seu conxunto. A forza do feminismo fai que o 25 de novembro, declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, sexa unha data de denuncia e reivindicación que convida a reflexionar e actuar para avanzar na súa prevención, sensibilización e erradicación.

No que vai de ano 2021 Galiza xa tivo que saír á rúa condenar un feminicidio cometido na Coruña, á espera de que conclúan as investigacións respecto doutro asasinato dunha muller no Barco de Valdeorras. Así mesmo, segundo os datos do IGE, durante o 1º semestre de 2021 a Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección abordou o seguimento de 536 novos expedientes e foron comunicadas máis de 500 medidas de protección. Así mesmo, diversos colectivos denunciaron recentemente o incremento da violencia obstétrica por mor das dificultades de acceso aos servizos durante a pandemia, así como a permanencia da vulneración de dereitos como o acceso a un aborto digno e gratuíto no sistema público de saúde.

A pandemia da covid-19 trouxo ao noso contexto actual unha importante crise sanitaria, social e económica que atravesa de forma moi intensa a realidade das mulleres, un dos sectores máis afectados da nosa sociedade.

É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco. Asociacións de mulleres, institucións e profesionais de diferentes concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas ámbitos coinciden na grave afección das medidas de confinamento e de restrición de actividade e mobilidade social para a actuación sobre a violencia machista e o grave risco para milleiros de mulleres.

Entre outros exemplos, podemos sinalar como na súa Memoria anual do ano 2020, coñecida en outubro, a Fiscalía Superior de Galiza sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou e que no ámbito da violencia machista “o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 13 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

as cifras derivadas da fría estatística non reflicten, pero que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia.”

Polo tanto, aínda que a situación da pandemia estea nunha fase de control, é necesario que se atendan todas as súas repercusións, tamén no ámbito da violencia machista. É necesario, polo tanto, abordar a necesidade de fortalecer os medios existentes e de adquirir máis compromisos orzamentarios, legislativos e políticos.

Nos últimos anos Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios, en convocatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de marzo.

Estes feitos dan conta da fartura social e do gran rexeitamento á violencia machista da sociedade galega, como tamén reflicten os datos da enquisa sobre percepción da violencia de xénero por parte da sociedade galega, que sinala como o 80% da sociedade entende que este é un problema social que atinxe a todas as persoas e non se circunscribe ao ámbito privado.

No caso específico da nosa cidade resulta alarmante o incremento por volta dun 30% das agresións sexuais e violacións denunciadas na nosa cidade, cunha media no que vai de 2021 de 9 casos por mes, segundo datos oficiais do Ministerio do Interior. Cifras que evidencian a necesidade de accións máis enérxicas e continuadas por parte das diferentes administracións, a principiar pola municipal, tanto para a prevención, a través da sensibilización, como da adecuada atención e protección das vítimas.

Engádese tamén a falla dunha resposta eficaz e contundente desde o ámbito xudicial perante o incremento nun 10% das denuncias, en datos do segundo trimestre deste ano a nivel galego, e no feito moi preocupante de que en Vigo os xulgados só atendan o 34% das ordes de protección, tanto das mulleres como das súas crianzas, e o sobreseímento de máis do 70% das causas abertas.

A violencia de xénero no ámbito laboral continúa en grande medida invisibilizada, o que fai que os diferentes tipos de acoso sexual, mural, por razón de xénero ou de orientación sexual se continúen a desenvolver con impunidade, provocando que máis do 70% das afectadas decida non denunciar o acoso no traballo por medo e ante a falla de resposta. Cómpre subliñar ademais que, segundo datos do macroinquérito estatal contra a violencia de xénero, o 6,6% das mulleres sufriron violencia sexual no traballo e preto do 18% identifica o seu agresor como persoa do ámbito laboral. Enfrontar especificamente estas agresións machistas e a violencia contra as mulleres no traballo esixe de medidas concretas e específicas.

Por todos estes motivos, é necesario que este 25 de novembro fuxa de ritualismos e declaracións de intencións e que colectivamente asumamos máis compromisos, atendendo o mandato das masivas mobilizacións feministas, nas que a cidade de Vigo se converteu en referencia a nivel galego e estatal nos últimos anos, e que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 14 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

interpela de maneira directa a todas as administracións para facer do combate contra todas as formas de violencia machista unha verdadeira prioridade na axenda política, pasando dos discursos aos feitos.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Instar ao Goberno municipal a alargar e reforzar os medios e accións que o Concello de Vigo desprega en contra das violencias machistas, aumentando de maneira substancial os esforzos no ámbito da sensibilización social e poñendo en marcha medidas adicionais para o apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero e para enfrontar o aumento dos casos de agresións sexuais e violacións.
- 2 Instar ao Goberno municipal a executar os acordos plenarios no referido a dotar a cidade dun protocolo contra as agresións sexuais tanto en eventos públicos como nos espazos de lecer nocturno, e a instalación de “puntos violeta” para a atención, información e asistencia nos actos públicos.
- 3 Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2022 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como por exemplo no ámbito da atención psicolóxica garantida desde a atención primaria.
- 4 Demandar da Xunta de Galiza o reforzo e ampliación da rede de Centros de Información ás Mulleres para garantir a cobertura do conxunto do territorio especialmente aquelas comarcas que actualmente carecen deste servizo así como a dotación dos medios humanos e materiais necesarios para reforzar o cadro de persoal daqueles CIM que asumen unha maior carga de traballo. Para tal fin, a Xunta de Galiza elaborará e remitirá á Cámara galega e á FEGAMP antes de finalizar o presente ano un Plan específico debidamente orzamentado e coa correspondente planificación temporal para levalo a cabo.
- 5 Demandar da Xunta de Galiza o desenvolvemento dun protocolo específico de atención á violencia sexual, con especial atención ao ámbito xudicial, así como a promoción dun programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 15 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 6 Demandar a Xunta de Galiza e do Goberno español o despregamento de medidas concretas e verdadeiramente eficaces fronte a violencia contra as mulleres no ámbito laboral, especialmente presente nos sectores máis feminizados.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Atópase ausente a concelleira Sra. Méndez Fuentes.*

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor, un do membro non adscrito señor Pérez Igrexas, un do membro do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo) o señor Pérez Correa, e vinte votos dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 19/11/21 (Rex. Nº 3192/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **6.(219). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (MAREA DE VIGO) PARA REXEITAR A TENTATIVA DE PRIVATIZACIÓNS DAS LISTAS DE AGARDA E AS URXENCIAS HOSPITALARIAS NA ÁREA SANITARIA DE VIGO. REXISTRO PLENO 3188/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de novembro de 2021, número 3188/1101, os concelleiro/a do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

#### MOCIÓN

### **“MOCIÓN PARA REXEITAR A TENTATIVA DE PRIVATIZACIÓN DAS LISTAS DE AGARDA E AS URXENCIAS HOSPITALARIAS NA ÁREA SANITARIA DE VIGO**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 16 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación sanitaria en Galicia, especialmente no tocante á atención primaria e listas de agarda, é un asunto que recurrentemente se ten tratado neste Pleno. Recentemente, e con motivo do colapso hospitalario e a paralización da atención primaria ante a crise sanitaria provocada polo virus da COVID-19, neste Pleno debatíronse varias mocións, entre elas unha presentada por Marea de Vigo na que se denunciaba que “a epidemia da COVID 19 xerara danos para a saúde da poboación, especialmente da máis vulnerable, como son as persoas con enfermidades debilitantes, agudas, crónicas e de maior idade. Nas primeiras etapas da pandemia, as camas hospitalarias e as UCIS, víronse presionadas polo cúmulo de afectadas/os, mentres que os Centros de Saúde destinaron unha gran parte da súa actividade a atender a enfermidade, informar á poboación, rastrexar, seguir a novos casos ou realizar numerosas actividades burocráticas relacionadas coa pandemia”.

É evidente que, pese a excepcionalidade da situación, a pandemia amosou as graves carencias de investimentos sanitarios, froito dunha política crecente de privatización e de deriva cara a sectores privados que xestionan servizos sanitarios de inxentes cantidades de recursos orzamentarios. Nos últimos 11 anos os investimentos sanitarios foron recortados provocando unha precarización das condicións laborais do personal sanitario e a COVID non fixo máis que cronificar o colapso de hospitais e centros de saúde. Co argumento de evitar o colapso dos hospitais, suspendéronse consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas. Estímase que en Galicia paralizáronse ao redor de 3.000 das intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas. Ao mesmo tempo, pecháronse centros de saúde e limitouse o acceso aos mesmos, substituíndo a consulta presencial pola telefónica (en moitos deles a única posibilidade de contactar ca poboación, con demoras de máis de 15 días) e reduciuse o aforo das salas de agarda obrigando ás/aos pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención.

Agora, cunha presión sanitaria menor e con posibilidade de retormar investimentos e dotacións na atención primaria, é canto máis falla fai unha política expansiva de recursos públicos para a atención sanitaria. Mais, na contra de acontecer todo isto, na cidade de Vigo coñecemos estes días que o Goberno de Alberto Núñez Feijóo quere subscribir un acordo marco multimillonario para que os hospitais privados da área sanitaria de Vigo, (nomeadamente o Hospital Povisa, propiedade do grupo privado Ribera Salud) cubran esta incapacidade por falla de investimentos e recursos aos hospitais e centros de saúde pública. E dicir, de facto preténdese “privatizar as listas de agarda e as urxencias sanitarias existentes na área sanitaria de Vigo”.

Esta negociación, que acadaría case 50 millóns de euros de pagos a hospitais privados para atender e desatascar os “pescozos de botella” do sistema público, tería xa en 2023 un primeiro pago de 16,5 millóns, evidentemente teledirixido cara aos intereses privados de Povisa, que actualmente supón máis do 70% da actividade hospitalaria concertada polo Sergas.

O terrible desta proposta é que tácitamente o Goberno do PP na Xunta recoñece a insuficiencia de recursos orzamentados no sistema sanitario público e desenmascara a un Goberno autonómico que prioriza dar entrada ao sector privado na xestión da atención de urxencias e paliar as listas de agarda.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 17 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Como recentemente denunciaban os medios de comunicación, hospitais como Povisa ou Vithas Concheiro foron chamados polo Sergas para “cubrir os ocos do sistema público nun contrato que disporá de 50 millóns de euros mentras o gasto sanitario público languidece ano tras ano. Será un contrato en seis lotes e xa foi aprobado polo Consello da Xunta o pasado 14 de outubro pero sen poñer en información pública os datos relacionados cos importes económicos e co plan de gasto do mesmo. Unha opacidade que se mantén a día de hoxe sobre esta proposta de contrato e que, como noutras ocasións, é mostra dun Goberno autonómico afinado cos intereses do sector sanitario privado.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

**ACORDOS:**

1. O Pleno do Concello de Vigo rexeita de xeito rotundo o plan do Goberno do PP na Xunta de Galicia de dar entrada masiva á sanidade privada na xestión das urxencias hospitalarias e nas listas de agarda existentes na área sanitaria de Vigo.
2. O Pleno do Concello de Vigo insta a Xunta de Galicia a orzamentar nos vindeiros dous exercicios esa cantidade que se pretende entregar a hospitais privados en investimentos públicos e contratación nos centros hospitalarios da área sanitaria de Vigo.”

**DELIBERACIÓNS.** Constan no arquivo audiovisual incorporado ao Acta.

*Incidencia. Atópanse ausentes o Alcalde, a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego e a concelleira Sra. Méndez Fuentes. Preside o segundo Tenente de Alcalde o Sr. Pardo Espiñeira.*

**VOTACIÓN:** Con dous votos a favor, un voto do membro do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), o señor Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González e dezoito abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Rexeitar a moción presentada, en data 18.11.21 (Rex. Nº 3188/1101), polos concelleiro/a do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 18 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**7.(220). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DOTAR PRESUPOSTARIAMENTE NOS SEUS ORZAMENTOS DE 2022, PARA ACOMETER CON URXENCIA A AMPLIACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE BOUZAS. REXISTRO PLENO 3194/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2021, número 3194/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O que viñamos denunciando de forma reiterada, neste Pleno, cumpriuse con respecto ao Centro de Saúde de Bouzas recentemente inaugurado. Ao atraso na execución do proxecto, vergoñoso desde 2008 en que se cedeu o terreo por parte deste Concello, uniuse o recorte do proxecto inicial en espazo, dotación material e, por tanto, dotación de persoal sanitario ao non dispoñer de espazo. En concreto, a superficie pasou de 1.300 m a 600 m e o orzamento de 2,2 millóns a 1,3 millóns.

Neste Pleno aprobamos demandar ao Presidente da Xunta de Galicia a garantir unha asistencia sanitaria xusta para as veciñas e veciños de Bouzas que, necesariamente, pasaría por recuperar o proxecto comprometido en 2008.

Unha vez inaugurado o Centro comprobouse a imposibilidade material de garantir esa sanitaria sanitaria para todo Bouzas. O Centro de Saúde só pode atender a 800 pacientes, moi lonxe da poboación de Bouzas. Abre cun só médico e sen pediatra. É dicir non responde nin ás necesidades actuais da poboación nin pode absorber a demanda futura.

En conclusión, un novo engano á cidade. Un Centro de Saúde con criterios políticos e non técnicos axustados ás necesidades sanitarias da poboación.

A obstinación política da Xunta, novamente castigando á cidade de Vigo, lamentablemente conduce a que un centro de saúde, inaugurado estes días, obríguenos a demandar a súa ampliación inmediata para garantir a asistencia sanitaria á que as veciñas e veciños de Bouzas teñen dereito como o resto dos galegos, e é polo que se propón ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a dotar presupostariamente as partidas necesarias nos seus Orzamentos de 2022 para acometer con urxencia a ampliación do Centro de Saúde de Bouzas que garante a asistencia sanitaria digna, incluíndo Pediatría, a todas as veciñas e veciños de Bouzas sen ter que desprazarse a outro Centro de Saúde.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 19 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Incidencia. Atópanse ausentes o Alcalde, a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego, o concelleiro Sr. Losada Álvarez e a concelleira Sra. Méndez Fuentes. Preside o segundo Tenente de Alcalde o Sr. Pardo Espiñeira.*

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor, dezasete votos dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, máis un voto do membro do grupo municipal Mixto, o señor Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Román e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.21 (Rex. Nº 3194/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**8.(221). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á CUMPRIR O SEU COMPROMISO DE 2018 DE DOTAR DUNHA UNIDADE DE DEMENCIAS AO HOSPITAL DO MEIXOEIRO EN VIGO. REXISTRO PLENO 3195/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2021, número 3195/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Segundo os datos de FAGAL (Federación Alzheimer Galicia) máis de 70.000 persoas sofren demencia, o que tamén afecta as súas familias.

A situación padecida por estes enfermos e as súas familias viuse agravada pola pandemia de COVID, a paralización dos diagnósticos e o agravamento dos enfermos.

Desde a Xunta de Galicia, desde hai anos, vén reiterando o compromiso da apertura da Unidade de Demencias prevista no Hospital Meixoeiro de Vigo.

Como na maioría dos anuncios realizados pola Xunta con respecto á cidade de Vigo, os incumprimentos e os atrasos son habituais. Esta Unidade de Demencias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 20 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

anunciouse para comezos de 2018, logo pospúxose para a primavera, e logo para fin de ano. Evidentemente foi incumprida esta promesa.

Ao longo destes anos, o Conselleiro de Sanidade anterior Sr. Almuiña e o actual Sr. García Comesaña, en visitas á cidade e en entrevistas en medios de comunicación, anunciaban a apertura inmediata.

Estes compromisos de datas foron incumpridos e o peor chegou estes días. O Conselleiro de Sanidade, Sr. García Comesaña, afirmou de forma solemne no Parlamento de Galicia que “ hai máis de tres anos que que hai unha unidade de demencias na área Sanitaria de Vigo”. Despois recoñeceu que non existe un espazo, que algúns profesionais traballan dispersos e posteriormente coñecemos que se iniciaban as obras no Meixoeiro para crear a Unidade de Demencias prometida hai anos.

Dada a situación actual, é indignante a frivolidade do Conselleiro mentindo ao afirmar que existe unha Unidade de Demencias cando se están iniciando as obras e non existe dita Unidade como constituída formalmente.

Hoxe, a necesidade da Unidade de Demencias comprometida polo goberno de Galicia é máis necesaria que nunca. Ten que dotarse dun espazo concreto, como o resto das unidades, cos profesionais que a atendan e dar o servizo que se demanda, e é polo que se propón ao Pleno da Excm. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

#### ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia á cumprir o seu compromiso de 2018 de dotar dunha Unidade de Demencias o Hospital do Meixoeiro de Vigo de forma inmediata, fixando o espazo concreto e os profesionais que atendan esta Unidade.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Atópanse ausentes o Alcalde, a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego, o segundo Tenente de Alcalde, o Sr. Pardo Espiñeira, o concelleiro Sr. Losada Álvarez e a concelleira Sra. Méndez Fuentes. Preside a terceira Tenente de Alcalde a Sra. Espinosa Mangana.*

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor, dezaseis votos dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, máis un voto do membro do grupo municipal Mixto, o señor Pérez Correa, un voto do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e catro votos do grupo municipal do Partido Popular señoras e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, adóptase o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 21 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.21 (Rex. Nº 3195/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**9.(222). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FINANCIAR INTEGRAMENTE A NOVA ESCOLA INFANTIL DA PRAZA DA INDUSTRIA, COS FONDOS QUE RECIBIRÁ DO GOBERNO DO ESTADO. REXISTRO PLENO 3196/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2021, número 3196/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Nos últimos anos incrementouse de forma notable a demanda de prazas públicas en escolas infantís. A conciliación familiar e laboral constitúe unha problemática na sociedade actual, e un dos elementos fundamentais para facilitala é a oferta de prazas públicas.

Unha vez máis a Xunta de Galicia non está a cumprir coas súas obrigas nunha materia tan sensible como é a educación infantil. É o Concello de Vigo o que está a asumir, moi por enriba do que lle corresponde formalmente, o compromiso de dar resposta as necesidades dos vigueses e viguesas nesta materia.

Nesta cidade a última escola infantil que puxo en funcionamento a Xunta de Galicia data do ano 2012. Nese mesmo período de tempo, dende o ano 2012, os gobernos de Abel Caballero, abriron 5 novas escolas infantís municipais: Navia, Mestres Goldar, Tomás Alonso, Bouzas e Bembrive.

Ante o referido aumento da demanda de prazas públicas, e pese a aposta do goberno de Abel Caballero polo aumento da oferta coa creación, nos derradeiros anos, das novas escolas infantís, aínda resulta insuficiente.

Este goberno é o único que está apostando pola conciliación e pola creación de novas escolas infantís ofertando máis prazas que a Xunta de Galicia, e creando novas escolas infantís que palien a alta demanda dos vigueses e viguesas, algo que debería asumir a Xunta de Galicia.

A irrupción da COVID-19 a principios do ano 2020 provocou un forte impacto sobre a economía española e da Unión Europea. O goberno de España despregou dende o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 22 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

primeiro momento un importante paquete de medidas co fin de mitigar o impacto económico e social.

As medidas de apoio a empresas e familias non son suficientes para recuperar a curto prazo os niveis de inversión e crecemento previos á pandemia, é por iso que se pon en marcha o “Plan de recuperación, transformación e resiliencia”. Neste contexto aparecen os fondos Next Generation EU que proporcionan unha ocasión extraordinaria para o desenvolvemento deste plan.

Este plan está fundamentado en catro eixos fundamentais: transformación ecolóxica, transformación dixital, cohesión territorial e social e igualdade de xénero. Estes catro eixos orientan as dez políticas panca que determinan a evolución do noso país. Unha desas dez políticas panca é a número sete, “Educación e coñecemento, formación continua e desenrolo de capacidades”, que no seu punto número 21 fala da creación de prazas no primeiro ciclo de educación infantil de titularidade pública co fin de reducir as desigualdades de acceso e participación asociados ao nivel socioeconómico da familia. Outro aspecto fundamental é o papel que os equipamentos de educación infantil xogan para facilitar a conciliación familiar e a incorporación ao mercado laboral.

O Consello de Ministros ven de aprobar, o pasado martes, o reparto de 670,1 millóns de euros entre as CC.AA. para a creación de máis de 65.000 prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos. A Xunta de Galicia recibirá un total de 34.845.042 millóns de euros para a creación de 3.417 novas prazas de educación infantil entre os anos 2021 e 2023

Dende o Concello de Vigo xa temos iniciados todos os trámites para a creación dunha nova escola infantil na nosa cidade. Esta escola estará situada na Praza da Industria e dará servizo a máis de 70 familias.

Ante a chegada a Galicia dos fondos aprobados polo goberno de España, dentro do plan de recuperación, solicitamos que sexa a Xunta de Galicia a que financie a través destes fondos a creación desta nova escola infantil na cidade de Vigo.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a financiar integramente a nova escola infantil da Praza da Industria cos fondos que recibirá do Goberno de España (34.845.042 millóns de euros) para a creación de 3.417 prazas públicas de educación infantil (0-3 anos) na Comunidade Autónoma de Galicia.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 23 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Incidencia. Atópanse ausentes o Alcalde, a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego, o concelleiro Sr. Losada Álvarez, a concelleira Sra. Rodríguez Calviño e a concelleira Sra. Méndez Fuentes. Preside o segundo Tenente de Alcalde o Sr. Pardo Espiñeira.*

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor, dezaseis votos dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, máis un voto do membro do grupo municipal Mixto, o señor Pérez Correa, un voto do membro non adscrito, o Sr. Pérez Igrexas e catro votos do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.21 (Rex. Nº 3196/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**10.(223). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONSIGNAR PRESUPOSTARIAMENTE A CANTIDADE DE 6 MILLÓNS DE EUROS NOS SEUS ORZAMENTOS 2022 AO OBXECTO DE INICIAR A MATERIALIZACIÓN DAS HUMANIZACIÓNS NAS ESTRADAS DA XUNTA EN VIGO. REXISTRO PLENO 3197/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2021, número 3197/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A transformación da cidade de Vigo, pola política de humanizacións, non ten similar en ningunha outra cidade de España. Máis de 1.000 rúas humanizadas, Vigo Vertical e todo o conxunto de actuacións para configurar unha cidade para goce das viguesas e vigueses e para aqueles que nos visitan, que cada vez son máis.

Esta transformación histórica non se acompaña das mesmas actuacións por parte da Xunta de Galicia nas vías de titularidade autonómica que se atopan dentro do termo municipal. Esta contraposición, tan negativa para as veciñas e veciños que viven nas contornas das vías autonómicas, supoñen unha clara discriminación na súa calidade de vida.

O goberno da Xunta de Galicia está obrigado a atender esta demanda que se vén realizando desde moitos anos atrás; demandada e aprobada neste Pleno, e nunca atendida nos Orzamentos da Xunta de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 24 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Novamente reivindicamos a obrigación da Xunta de Galicia con esta cidade para atender un plan de humanizacións nas estradas autonómicas para poñer fin ao agravio dos que viven nas contornas da PO-325, PO-330 e PO-552.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a consignar presupuestariamente a cantidade de 6 millóns de euros nos seus Orzamentos para 2022 ao obxecto de iniciar a materialización das humanizacións nas estradas da Xunta en Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Atópanse ausentes o Alcalde, a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego, o concelleiro Sr. Losada Álvarez e a concelleira Sra. Méndez Fuentes. Preside o segundo Tenente de Alcalde o Sr. Pardo Espiñeira.*

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor, dezasete votos dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, máis un voto do membro do grupo municipal Mixto, o señor Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Román e Marnotes González, adóptase o seguinte,

#### ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.21 (Rex. Nº 3197/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **11.(224). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONSIGNAR UNHA PARTIDA ORZAMENTARIA DE 5 MILLÓNS DE EUROS NOS SEUS ORZAMENTOS 2022, AO OBXECTO DE ABORDAR A ACTUACIÓN DE MELLORA DAS PISTAS DEPORTIVAS DE ATLETISMO DE BALAIÓDS. REXISTRO PLENO 3199/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2021, número 3199/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Fernández Pérez, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 25 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## MOCIÓN

“O Complexo Deportivo Municipal de atletismo de Balaídos está considerado como o principal dinamizador do atletismo galego. Esta instalación, construída nos inicios dos anos 80, require na actualidade dun proceso de mellora e modernización integral para poder responder as necesidades actuais do atletismo vigués e galego.

No ano 2010, a Xunta de Galicia comprometeuse con este Concello á firma dun convenio polo que asumía o investimento de 4,8 millóns de euros para a realización do proxecto neste complexo deportivo.

En desenvolvemento dese compromiso, o DOG de 23/03/11, publicaba a resolución pola que se anunciaba a licitación do contrato de servizos para a redacción do proxecto básico e de execución.

Todos aqueles compromisos foron incomprensiblemente incumpridos.

Ante a insistencia deste Concello e a necesidade de realizar as actuacións no complexo deportivo, o Secretario Xeral para ou Deporte da Xunta de Galicia comprometeuse, nesta ocasión en setembro de 2016, á ampliación do crédito existente nese momento no Orzamento da Xunta ata 2,3 millóns para a reforma das pistas de atletismo municipais de Balaídos ata os 2,3 millóns de euros.

Despois de todos estes incumprimentos ao longo de 11 anos, a actuación a mellora das pistas deportivas en Balaídos é imprescindible e urxente. A estes efectos o Concello de Vigo ten dotado presupostariamente para o ano 2022 o inicio desta actuación. A Xunta de Galicia, polas súas competencias en materia de deporte e dado que nestas instalacións adestran e compiten atletas de toda Galicia, debe dunha vez por todas asumir a actuación de mellora destas pistas deportivas de atletismo en Balaídos.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

## ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a consignar unha partida orzamentaria por importe de 5 millóns de euros, nos seus Orzamentos para o ano 2022, ao obxecto de abordar a actuación de mellora das pistas deportivas de atletismo en Balaídos.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

*Incidencia. Atópanse ausentes o Alcalde, a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego, o concelleiro Sr. Losada Álvarez e a concelleira Sra. Méndez Fuentes. Preside o segundo Tenente de Alcalde o Sr. Pardo Espiñeira.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 26 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor, dezasete votos dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia, máis un voto do membro do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), o señor Pérez Correa, e cinco abstencións, unha do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.21 (Rex. Nº 3199/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Fernández Pérez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **12.(225). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DO 20.10.21 AO 17.11.2021. EXPTE. 1103/1102. REXISTRO PLENO 3190/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 20.10.21 ao 17.11.21) incluídas no expediente 1103/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

#### **13.(226). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DO 20.10.21 AO 17.11.2021. EXPTE. 1104/1102. REXISTRO PLENO 3191/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 20.10.21 ao 17.11.21) incluídas no expediente 1104/1102.

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 27 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

## MOCIÓN DE CONTROL

### **14.(227). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO UNHA NOVA ORDENANZA DA AUGA QUE TARIFE POLO CONSUMO REAL, SUPRIMA OS CUSTES FIXOS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 3198/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2021, número 3198/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“Este mes de novembro está pasándose ao cobro as facturas polo consumo de auga de acordo coa nova tarifa. E se confirma o que xa sabíamos: créanse tres cotas fixas por abastecemento, rede de sumidoiros e depuración ás que agora se suma o consumo de auga, polo que a auga é máis cara agora que hai dous meses.

Esta suba da auga en Vigo coincide cunha suba tamén da factura eléctrica, dos combustibles e dos produtos básicos polo que o goberno vigués engade un castigo máis á cidadanía que levamos anos pedindo consumo real e ao final pagaremos máis, consumindo menos.

Suba xeneralizada, inxusta e innecesaria que é a consecuencia dunha concesión obsoleta dos 90 ata vixente 25 anos ata o 2015. Prorrogouse cinco anos máis, ata o ano 2020. O último día hábil dese ano, de forma extraordinaria e urxente - é dicir, en segredo e sen previo aviso - o goberno de Vigo prorrogou 5 anos máis o contrato do servizo. Os vigueses teremos 35 anos de condena a pagar unha auga cara, a máis cara das cidades galegas. Rexéndose por un prego que blinda durante todos estes anos as condicións do servizo e o custo do metro cúbico de auga. Unha prórroga vinculada á execución dun plan de investimentos de máis de 41 millóns de euros. 23 millóns eran para ampliación da ETAP do Casal que se podía facer con fondos europeos aforrando aos vigueses o recibo.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Vigo presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS instando ao goberno local a:

1º.- Remitir ao Pleno do Concello unha nova ordenanza que tarife polo Consumo real, suprima os custes fixos e os custos dos investimentos asumidos pola concesionaria na prórroga que deberán ser realizados directamente polo Concello.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 28 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2º.- Dar conta a este Pleno de todos os informes, auditorías, controis e inspeccións realizadas á concesionaria do servizo de abastecemento de auga de Vigo dende o 1 de xaneiro deste ano 2021.

3º Garantir que as obras de modernización e ampliación da ETAP de O Casal se liciten garantindo os principios de libre concorrència, igualdade, non discriminación e transparencia esixidos pola normativa europea.”

*DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.*

*Incidencia. Atópanse ausentes o Alcalde, a primeira Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego, o concelleiro Sr. Losada Álvarez, a concelleira Lago Barreiro e a concelleira Sra. Méndez Fuentes. Preside o segundo Tenente de Alcalde o Sr. Pardo Espiñeira.*

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, González Castillo, López Román e Marnotes González, dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e dous abstencións, unha do membro non adscrito o señor Pérez Igrexas e outra do membro do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo) o señor Pérez Correa, e mais adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 19.11.21 (Rex. Nº 3198/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## FORMULACIÓN DE ROGOS.

**15.(228).** Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que o Goberno municipal se dirixa ao Ministerio de Transportes para esixir que nos orzamentos xerais do Estado para 2022 se inclúa a partida necesaria para a instalación de pantallas acústicas no trazado da AP 9 dentro do termo municipal da cidade de Vigo.

**16.(229).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sr. Pérez Correa. Rogamos cumbran coa palabra dada ao Clube de Béisbol Trasnos de Vigo de dotar de un espazo de xogo e adestramento ao equipo no término municipal de Vigo.

**17.(230).** Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Que o concello exerza as súas facultades como titular do servizo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 29 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

da concesionaria de transporte público para poñer fin a folga dos traballadores de VITRASA.

## FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**18.(231).** Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que accións institucionais, administrativas ou xudiciais, ten realizado ou vai realizar o Goberno municipal de Vigo en contra da execución do recheo portuario no Berbés?.

**19.(232).** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto (Marea de Vigo), Sr. Pérez Correa. Pensa o Goberno Local recuperar a comisión de avaliación dos materiais de compras do servizo de bombeiros?.

**20.(233).** Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Cales son os informes, controis, inspeccións e auditorías que realizou o Concello de durante o ano 2021 a concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento?.

## ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Novembro  
Legislatura: Mandato 2019-2023  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Miércoles, 24 de Noviembre de 2021 09:02:25  
Fecha Fin : Miércoles, 24 de Noviembre de 2021 12:31:39  
Parte : ordinario novembro  
Duración : 03:29:14

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3139](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3139)

- Media (MASTER)

[1] Windows Media Video WMV1/WMA2 1280x720 16:9 (Stereo), 2.7 GiB

SHA512 -  
afc82c6a4e3700955f6e6f525b60e5574233cd7a8b1cf3e4a3693e52d6e846e1a60ddd2  
4f6ab60ea7fabc05a1c68006cfc5fe13fc1c10158712d072c9cd5074b

- Minutaje

00:00:02 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Escariz, Alberto; Riesgo, José; Silva Rego, Carmela; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Álvarez, Abel; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gómez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, María Eugenia; Lago



- Barreiro, María del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo Luis; Pardo Espiñeira, Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, José Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Ángel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, José Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Marco González Castillo, Jesús; López Román, Patricia; Pérez Correa, Rubén; Pérez Igrexas, Xabier;
- 00:00:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:00:54 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 27.10, extraordinaria do 11.11 e extraordinaria do 17.11.2021.
- 00:01:15 : 2. Intervención de Dona Rosa Chantada Abollo, presidenta da asociación Mulleres e Palabras, colectivo integrante do Consello Municipal da Muller para expoñer o texto proposto con motivo do día 25 de novembro Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres. Expte. 11140/224 (Rexistro Pleno 3157/1101).
- 00:01:48 - Oradora invitada
- 00:07:08 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:07:55 : 3. Solicitud de da Asociación Galega de afectados polo VIH (AGAVIH) para expoñer o texto proposto con motivo do ?Día Mundial de resposta ao VIH-Sida? Candida Alvarez Fernandez
- 00:08:29 - Oradora invitada
- 00:14:19 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:15:14 : 4. Aprobación do Plan Anual Normativo correspondente ao ano 2022 do Concello de Vigo. Expte. 1696/110 (Rexistro Pleno 3172/1101).
- 00:15:23 - López Font, Carlos
- 00:20:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:20:35 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:22:44 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:22:48 - Pérez Correa, Rubén
- 00:27:50 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:27:53 - Marnotes González, Jose Alfonso
- 00:32:21 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:32:28 - López Font, Carlos
- 00:35:29 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:35:44 - Votación [9:37:58]
- 00:36:07 - minuto de silecion victimas de violencia de genero
- 00:37:09 : 5. Moción do concelleiro membro non adscrito polo aumento dos recursos para enfrontar as violencias machistas. Rexistro Pleno 3192/1101.
- 00:37:24 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:39:31 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:39:37 - Pérez Correa, Rubén
- 00:44:53 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:44:58 - Lopez Roman, Patricia
- 00:49:34 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:49:39 - Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
- 00:54:49 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:55:01 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:56:06 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:56:19 - Votación [9:58:32]
- 00:56:35 : 6. Moción do grupo municipal Mixto para rexeitar a tentativa de privatizacións das listas de agarda e as urxencias hospitalarias na Área Sanitaria de Vigo. Rexistro Pleno 3188/1101.
- 00:56:50 - Pérez Correa, Rubén
- 01:02:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 31 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 01:02:09 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:04:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:04:24 - Egerique Mosquera, Teresa  
 01:09:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:09:39 - López Font, Carlos  
 01:14:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:14:53 - Pérez Correa, Rubén  
 01:17:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:18:16 - Votación [10:20:26]
- 01:18:40 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a dotar presupostariamente nos seus Orzamentos de 2022, para acometer con urxencia a ampliación do Centro de Saúde de Bouzas. Rexistro Pleno 3194/1101.
- 01:18:54 - López Font, Carlos  
 01:24:02 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:24:07 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:26:15 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:26:17 - Pérez Correa, Rubén  
 01:31:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:31:28 - Egerique Mosquera, Teresa  
 01:36:14 - López Font, Carlos  
 01:39:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:39:43 - Votación [10:41:50]
- 01:40:00 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á cumprir o seu compromiso de 2018 de dotar dunha Unidade de Demencias ao Hospital do Meixoeiro en Vigo. Rexistro Pleno 3195/1101.
- 01:40:14 - Aguiar Castro, Yolanda  
 01:45:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:45:24 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:47:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:47:40 - Pérez Correa, Rubén  
 01:52:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:52:22 - Egerique Mosquera, Teresa  
 01:55:17 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:55:22 - Aguiar Castro, Yolanda  
 01:58:23 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:58:40 - Votación [11:00:50]
- 01:58:49 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a financiar integramente a nova escola infantil da Praza da Industria, cos fondos que recibirá do Goberno do Estado. Rexistro Pleno 3196/1101.
- 01:59:04 - Gomez Díaz, Gorca  
 02:04:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:04:19 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:06:33 - Pérez Correa, Rubén  
 02:11:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:11:49 - Lopez Roman, Patricia  
 02:14:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:14:08 - Gomez Díaz, Gorca  
 02:17:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:17:33 - Votación [11:19:42]
- 02:17:44 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a consignar presupostariamente a cantidade de 6 millóns de euros nos seus Orzamentos 2022 ao obxecto de iniciar a materialización das humanizacións nas estradas da Xunta en Vigo. Rexistro Pleno 3197/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 32 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- 02:22:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:23:03 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:25:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:25:26 - Pérez Correa, Rubén  
 02:29:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:29:42 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:34:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:40:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:40:43 - Votación [11:42:55]
- 02:41:01 : 11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a consignar unha partida orzamentaria de 5 millóns de euros nos seus orzamentos 2022, ao obxecto de abordar a actuación de mellora das pistas deportivas de atletismo de Balaídos. Rexistro Pleno 3199/1101.
- 02:41:19 - Fernández Pérez, Jose Manuel  
 02:46:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:46:29 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:48:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:48:43 - Pérez Correa, Rubén  
 02:54:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:54:04 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:59:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:59:18 - Fernández Pérez, Jose Manuel  
 03:02:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:02:42 - Votación [12:04:46]
- 03:03:00 : 12. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 20.10.21 ao 17.11.21. Expte. 1103/1102 (Rexistro Pleno 3190/1101).
- 03:03:12 : 13. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, 20.10.21 ao 17.11.21. Expte. 1104/1102 (Rexistro Pleno 3191/1101).
- 03:03:26 : 14. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando unha nova ordenanza da auga que tarife polo consumo real, suprima os costes fixos e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 3198/1101.
- 03:03:40 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:08:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:09:04 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:11:17 - Pérez Correa, Rubén  
 03:16:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:16:47 - Aneiros Pereira, Jaime  
 03:21:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:21:59 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:25:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:26:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:26:41 - Votación [12:27:42]
- 03:27:06 : 15. Formulación de rogos.  
 03:27:11 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:27:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:27:34 - Pérez Correa, Rubén  
 03:27:53 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:28:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:28:06 : 16. Formulación de preguntas.  
 03:28:09 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:28:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:28:27 - Pérez Correa, Rubén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 33 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

03:28:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
03:28:40 - Marnotes González, Jose Alfonso  
03:28:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

-- 0 --

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e corenta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 16/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2021.

sc

A PRESIDENCIA

Javier Pardo Espiñeira  
Elena Espinosa Mangana  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2022 12:57	Páxina 34 de 34
3232-1101	CSV: A5AEA2-25858F-262837-WEX5D3-F7RYB2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		